

A nosa ref: 10 ADL

Asunto: **aprobación das condicións de participación na Feira de Oportunidades do concello de Cambre** a organizar en colaboración coa Deputación da Coruña para a dinamización e fortalecemento do comercio na provincia  
Expediente: 2021/G003/0001279

## RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO

Dende o ano 1989, no que se creou o departamento Axencia de Desenvolvemento Local, o concello de Cambre ven desenvolvendo actuacións encamiñadas á dinamización e promoción do tecido empresarial e do comercio local, tendo en conta o establecido no artigo 25º.1, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, no que se establece que os concellos poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

O concello de Cambre ven realizando de forma continuada dende o ano 2003 campañas específicas de fomento para promover e dinamizar o comercio local, entre as que destacan as campañas de dinamización comercial do Nadal, a realización de feiras de comercio local en colaboración coas asociacións de comerciantes municipais (como é o caso do Temple Stock), ou as Feiras de Comercio, nas que se poñen en marcha programas e actuacións variadas.

Vista a necesidade de continuar coas actividades de dinamización e de promoción da actividade empresarial e, particularmente, dun dos sectores máis afectados pola crise sanitaria ocasionada polo Covid-19, como é o do comercio, que representa un papel moi significativo na actividade económica local e no emprego e no autoemprego municipal.

Visto o informe proposta do técnico en promoción económica, de data trinta de xuño de 2022, que conta co visto e prace da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local propoñendo aprobar as condicións para a posta a disposición de carpas jaimas subministradas pola Deputación da Coruña con ocasión da celebración da Feira de Oportunidades de Cambre.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, **RESOLVO:**

**Primeiro:** aprobar as condicións para a posta a disposición de carpas jaimas subministradas pola Deputación da Coruña con ocasión da celebración da Feira de Oportunidades de Cambre, que se transcriben de seguido:

### **CONDICIÓN PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DE CARPAS JAIMAS SUBMINISTRADAS POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA CON OCASIÓN DA CELEBRACIÓN DA FEIRA DE OPORTUNIDADES DE CAMBRE**

#### **1.- Obxecto das condicións**

O obxecto das presentes condicións é regular o procedemento de solicitude e posta a disposición das carpas jaimas coas que conte o Concello para a celebración da Feira de Oportunidades de Cambre en colaboración coa Deputación da Coruña.

A posta a disposición das carpas jaimas quedará condicionada, en todo caso, á dispoñibilidade efectiva por parte do concello de Cambre das mesmas, cancelándose o procedemento de asignación no caso de que non se puidera contar con elas.

## 2.- Ubicación das carpas jaimas

As carpas jaimas situaranse no Paseo Marítimo de O Temple, no espazo de titularidade municipal do mesmo, cunha ocupación aproximada de 500 m<sup>2</sup>, conforme a seguinte ubicación orientativa:



No caso de que, polas dimensións das instalacións ou equipamentos complementarias ou por outros motivos, a disposición indicada no plano anterior non fora posible, as carpas jaimas que non tiveran cabida no Paseo Marítimo serán ubicadas no espazo anexo á pista polideportiva, nos emprazamentos sinalados como n+1, n+2, n+... Idéntica solución se adoptaría no caso de que a Deputación da Coruña proporcionase un número maior de carpas jaimas ás inicialmente previstas.

### 3.- Participantes

Poderán solicitar carpas jaimas as persoas físicas ou xurídicas titulares de establecementos comerciais situados en Cambre.

As solicitudes de carpas jaimas terán validez soamente para a edición actual da Feira de Oportunidades, sen que o feito de participar na mesma xenere dereito algún para edicións posteriores, de celebrarse estas.

### 4.- Forma de presentación das solicitudes

As solicitudes poderán presentarse, debidamente cubertas e asinadas pola persoa interesada, ou por quen ostente a súa representación, no modelo “**Solicitud**” que figura como **anexo I** a estas condicións reguladoras, debendo acompañarse da “**Declaración responsable e autorizacións**”, segundo o modelo do **anexo II**, contendo as autorización correspondentes ao Concello para facer de oficio as consultas precisas:

- En calquera dos rexistros do concello de Cambre. No caso de optar, as persoas físicas, por realizar a presentación de forma presencial, deberá solicitarse **Cita Previa** na seguinte [ligazón](https://sede.cambre.es/opencms/gl/cita/index.html) (<https://sede.cambre.es/opencms/gl/cita/index.html>), por medio del teléfono 981 613128 ou a través do correo electrónico [cambre@cambre.org](mailto:cambre@cambre.org)
- Na sede electrónica do Concello de Cambre (Outros Procedementos e Trámites), sendo esta a modalidade de presentación obrigatoria para as persoas xurídicas.  
<https://sede.cambre.es/opencms/gl/procedimientosytramites/index.html#varios>

Unha mesma persoa, entidade ou grupo de entidades non poderá presenta mais de unha solicitude.

### 5.- Prazo de presentación das solicitudes

As solicitudes poderán presentarse entre os días 1 de xullo e 10 de xullo de 2022, ambos incluídos.

As persoas e entidades que figuren na listaxe de agarda poderán dispoñer de carpas jaimas no caso de baixa das inicialmente asignadas para ocupalas. Esta circunstancia comunicárase a través dunha chamada telefónica e mensaxe ao móbil ou correo electrónico, debendo ser respondida ese mesmo día.

No caso de que a entidade ou persoa en listaxe de agarda non quixera dispoñer da carpa jaima nese momento, deberá comunicar a súa **renuncia por escrito**, presentándoa en calquera dos **rexistros** do Concello ou a través da **sede electrónica**, debendo comunicalo igualmente ao Concello mediante un correo electrónico remitido ao enderezo [adl@cambre.org](mailto:adl@cambre.org), coa finalidade de poder continuar avanzando coa listaxe de agarda.

### 7.- Autorizacións

- Para axilizar a tramitación das solicitudes recabarase pola persoa interesada ou entidade ao órgano xestor:
  - Para comprobar de oficio a existencia de débedas coa AEAT e a Seguridade Social.
  - Para comprobar de oficio a existencia de débedas coa Axencia Tributaria de Galicia.
  - Para comprobar de oficio a existencia de débedas co propio concello de Cambre.
- Mediante a presentación da solicitude, a persoa ou entidade interesada dá autorización expresa ao concello de Cambre para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos á asignación, particularmente do seu nome ou do establecemento comercial na difusión e publicidade que se realice do evento. De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a solicitude. Os devanditos datos trataranse de xeito confidencial, e só poderán cederse nos casos contemplados na Lei. Os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos poden exercerse usando o formulario de

contacto da Sede Electrónica do concello de Cambre  
([https://sede.cambre.es/opencms/gl/procedimientosytramites/tramites/EjercicioDerechosLOPD\\_N](https://sede.cambre.es/opencms/gl/procedimientosytramites/tramites/EjercicioDerechosLOPD_N)).

## 8.- Procedemento e criterios de asignación

A asignación das vinte carpas jaimas efectuarase mediante un sorteo, que se celebrará no Salón de Plenos do concello de Cambre, ás 10:00 horas do segundo día hábil posterior ao peche do prazo de presentación de solicitudes.

Aos efectos anteriores, confeccionarase unha listaxe coa totalidade das solicitudes recibidas, asignándolle a cada unha delas un dos boletos dos que dispón o Concello para a realización de sorteos nas feiras de Cambre. Acto seguido, introduciranse a totalidade dos boletos nunha urna, extraéndose estes de forma aleatoria, e asignado correlativamente a cada un dos boletos extraídos un número de carpa jaima, comezando polo 1 e rematando co número de solicitudes finalmente recibidas. Cos boletos que superen o número de carpas jaimas dispoñibles, de vinte, confeccionarase unha listaxe de agarda.

A asignación terá un carácter provisional, condicionado á efectiva acreditación dos requisitos de elixibilidade por parte das persoas ou entidades participantes.

## 9.- Documentación a aportar e condicións de asignación das carpas jaimas

Realizado o sorteo, e previa á posta a disposición das carpas jaimas, procederase a comprobar o cumprimento dos requisitos de elixibilidade para participar no proxecto. A estes efectos, os servizos técnicos municipais recabarán das persoas ou entidades participantes a seguinte documentación, **que deberán de remitir nos tres días hábiles seguintes ao da comunicación da asignación provisional da carpa jaima**, no caso de non obrar esta xa en poder do Concello:

- Copia do NIF da entidade ou do DNI, NIE ou pasaporte da persoa solicitante.
- Documentación que acredite a capacidade da persoa que actúe como representante legal da entidade para actuar no seu nome e representación (certificados de nomeamento, apoderamentos, etc.).
- Fotocopia da escritura de constitución, acta fundacional ou documento equivalente, no caso de persoas xurídicas, da acreditación da inscrición no rexistro correspondente, ou calquera outra documentación acreditativa da personalidade xurídica.
- Documentación acreditativa da titularidade do establecemento comercial radicado en Cambre ou que teña o seu domicilio fiscal en Cambre (**certificado de situación censual actualizada**).
- Documentación acreditativa de estar de alta no RETA ou nalgunha mutualidade dos colexios profesionais, ben como titulares ou cotitulares do negocio ou explotación, ou ben como socios/as promotores/as no caso de sociedades mercantís no momento da solicitude (**informe de vida laboral actualizado**).
- De conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e con estas condicións, o concello de Cambre comprobará de oficio o cumprimento das obrigas coa a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Facenda autonómica e o propio Concello de Cambre, para verificar o cumprimento deste apartado. No caso de non concederlle autorización ao concello de Cambre para facer estas consultas de oficio, deberá achegarse documentación acreditativa de estar ao corrente das obrigas fiscais co concello de Cambre, coa Axencia Tributaria de Galicia, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social.

A relación coas carpas jaimas provisionalmente asignadas e a listaxe de agarda publicarase no taboleiro de anuncios do concello de Cambre e na páxina web municipal.

No caso de que non se remitira a documentación requirida no prazo establecido polos interesados aos que lles correspondese provisionalmente unha carpa jaima no sorteo, empregarase a listaxe de agarda para completar a ocupación da totalidade das carpas jaimas.

As carpas jaimas asignaranse de forma individual entre as persoas e entidades interesadas, sen custe algún para as mesmas.

## 10.- Obrigas do Concello

- Poñer a disposición das persoas e entidades interesadas as carpas jaimas coas que conte.
- Asumir a seguridade do recinto.

As persoas participantes non estarán en relación de dependencia co Concello, polo que este non se fai responsable, nin directa nin subsidiariamente, dos danos, tanto materiais como persoais ou morais que, por acción ou omisión de calquera clase, poidan producirse dentro das carpas jaimas.

## 11.- Obrigas das persoas ou entidades participantes

- Participar na Feira de Oportunidades durante os tres días da súa celebración.
- Coidar das carpas jaimas, da súa limpeza e orde, comportándose co debido civismo.
- Limpar, despois do seu uso diario, e depositar o lixo nos contedores habilitados ao efecto polo Concello, deixando as carpas jaimas en idéntico estado ao da súa recepción.
- Poñer en coñecemento do concello de Cambre calquera deficiencia ou deterioro nas carpas jaimas que advertisen de forma inmediata.
- Aplicar as medidas que con respecto á seguridade, control de aforos ou hixiene puidesen ditar as autoridades competentes e estivesen vixentes no momento de celebración da Feira.

## 12.- Actos prohibidos

- Non se permite realizar actividades molestas e/ou que impidan a outras entidades ou persoas usuarias o normal desenvolvemento das súas actividades.
- Queda expresamente prohibido fumar no interior das carpas jaimas.
- Está prohibido o cobramento, por parte das entidades ou comerciantes de calquera tipo de entrada ou "ticket" para poder acceder ás carpas jaimas.
- As entidades ou comerciantes participantes nesta iniciativa non poderán ceder o uso a terceiros, nin sequera temporalmente, de todo ou parte da carpa jaima asignada.

## 13.- Causas de revogación da posta a disposición

Serán causas de revogación da posta a disposición das carpas jaimas:

- A realización de calquera das condutas recollidas na condición anterior.
- A realización de actividades que podan supoñer un risco ou ameazar a integridade dos participantes e visitantes da Feira.
- O incumprimento das normas da actividade ou das directrices dos responsables da Feira, especialmente en materia de seguridade, hixiene e control de aforos.


## 14.- Normativa aplicable

A participación no procedemento de posta a disposición das carpas jaimas regulado polas presentes condicións supón o acatamento das mesmas. O feito de asinar a solicitude de posta a disposición implica a aceptación das presentes condicións, incluíndo o tratamento de datos de carácter persoal e imaxes segundo a lexislación vixente.



**ANEXO I: SOLICITUDE DE CARPAS JAIMAS  
FEIRA OPORTUNIDADES DE CAMBRE**

**22, 23 e 24 DE XULLO DE 2022**



**SOLICITANTE**

Razón social (persoa xurídica)		C.I.F.	
Apelidos e nome (persoa física)		D.N.I./N.I.E.	
Enderezo			
C.P.	Localidade	Provincia	
Teléfono		Correo electrónico	
Comerciante persoa física empadroad/a ou cun establecemento comercial en Cambre	<input type="checkbox"/>	SI	<input type="checkbox"/> NON
Persoa xurídica domiciliada ou cun establecemento comercial en Cambre	<input type="checkbox"/>	SI	<input type="checkbox"/> NON

**TIPO DE SOLICITANTE**

<input type="checkbox"/> Empresario/a individual	<input type="checkbox"/> Sociedade limitada	<input type="checkbox"/> Sociedade anónima	<input type="checkbox"/> Sociedade civil
<input type="checkbox"/> Outras (indicar)			

**DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL**

Apelidos e nome		D.N.I./N.I.E.	
-----------------	--	---------------	--

**ENDEREZO ELÉCTRÓNICO HABILITADO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS**

Enderezo electrónico habilitado a efectos de notificacións	
--	--

**DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA**

<input type="checkbox"/> Declaración responsable e autorizacións (anexo II)	
<input type="checkbox"/> Outra documentación (especificar)	

Sr. alcalde do Concello de Cambre

Quen subscribe, e despois de **coñecer e aceptar as condicións para a posta a disposición de carpas jaimas durante a celebración da Feira de Oportunidades** do concello de Cambre, **solicita** a posta a disposición dunha carpa jaima, de acordo co especificado nestas condicións de participación, **e declara que son certos todos os datos do presente documento.**


Cambre, de 2022

Asdo,

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do concello de Cambre



**ANEXO II: DECLARACIÓN RESPONSABLE E  
AUTORIZACIÓN**



**SOLICITANTE**

Don / dona		con D.N.I / N.I.E.	
En nome e representación de (razón social)		con C.I. F.	

**DECLARA RESPONSABLEMENTE**

<input type="checkbox"/>	Que reúne as condicións de elegibilidade de acordo co establecido nestas condicións de participación.
<input type="checkbox"/>	Que todos os datos que constan na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
<input type="checkbox"/>	Que se compromete a <b>aportar a documentación que se indica de seguido, NO PRAZO DE TRES DÍAS HÁBILES</b> , no caso de resultarlle asignada provisionalmente unha carpa jaima.

**DOCUMENTACIÓN A APORTAR**


<input type="checkbox"/>	Copia do DNI, NIE ou pasaporte da persoa solicitante ou do NIF da entidade.	Obra en poder do Concello	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	Documentación que acredite a capacidade da persoa que actúe como representante legal da entidade para actuar no seu nome (certificados de nomeamento, apoderamentos, etc.).	Obra en poder do Concello	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	Fotocopia da escritura de constitución, acta fundacional ou documento equivalente, no caso de persoas xurídicas, da acreditación da inscrición no rexistro correspondente, ou calquera outra documentación acreditativa da personalidade xurídica.	Obra en poder do Concello	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	Certificado de situación censual AEAT actualizado.	Obra en poder do Concello	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	Informe de vida laboral actualizado.	Obra en poder do Concello	<input type="checkbox"/>

**AUTORIZA**

<input type="checkbox"/>	A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao concello de Cambre para comprobar de oficio que a persoa física ou xurídica solicitante esta inscrita no padrón municipal ou nalgún dos rexistros de titularidade municipais existentes.
<input type="checkbox"/>	A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao concello de Cambre, no suposto de ter a condición de usuario/a dunha carpa jaima, para realizar as actuacións de comprobación e seguimento necesarias para poder acreditar o cumprimento da finalidade perseguida coa presente convocatoria.
<input type="checkbox"/>	A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao concello de Cambre, PARA COMPROBAR DE OFICIO que a persoa física ou xurídica solicitante non ten débedas coa AEAT, Seguridade Social, Atriga ou o Concello de Cambre.



**ANEXO II: DECLARACIÓN RESPONSABLE E  
AUTORIZACIÓN**



**COMPROMÉTESE, NO CASO DE DISPOÑER DUNHA CARPA JAIMA**

- A participar na Feira de Oportunidades durante a súa celebración.
- A coidar da carpa jaima, da súa limpeza e orde, comportándose co debido civismo e limpando e depositando o lixo xenerado nos contedores habilitados ao efecto polo Concello.
- A poñer en coñecemento do Concello calquera deficiencia, deterioro ou dano sufrido nas carpas jaimas no momento en que se coñeza.
- A adoptar as medidas que con respecto á seguridade, control de aforos ou hixiene puidesen ditar as autoridades competentes e estivesen vixentes no momento de celebración da feira.
- A non realizar actividades molestas e/ou que impidan a outras entidades ou persoas usuarias o normal desenvolvemento das súas actividades.
- A aceptar as condicións que rexen a presente convocatoria.

Cambre, de 2022

Asdo,

Advérteselle de que, consonte co disposto no artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar. Asemade, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e potabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do concello de Cambre

**Segundo:** publicar as presentes condicións de participación no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello de Cambre.

O concelleiro delegado

Diego Alcantarilla Rei

Dou fe

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo